

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

- 2 No país dos ananos celebrouse
o Nadal con rebumbio
4 e o Ano Vello foi
Como non se viu outro.
- 6 Tódolos días do ano é Aninovo
se a esperanza vai connosco.
8 Tódalas noites do ano é Noiteboa
se a verdade descansa á nosa porta.
10 Falamos dun Nadal
farturento de pan.
12 E dunha Epifanía
coma un mencer de bandeiras erguidas.
14 A Paz é unha fonte
pra que beban os homes.
16 E pois que homes somos,
temos soños.
18 E sabemos cantar
e agardar. Que o tempo non é longo
20 se a esperanza vai connosco.
Nin a vida nos desacouga
22 se a verdade descansa á nosa porta.

Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos ananos*(1968).

PREGUNTAS

BLOQUE I (a primeira pregunta valórase con 1 PUNTO; a segunda, con 2 PUNTOS)

1. Busca un título que lle acaia ó texto e fai unha síntese del.
2. Comenta a seguinte afirmación: “a paz é unha fonte pra que beban os homes. E pois que homes somos, temos soños” (I.14-17). Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE II (cada pregunta vale 1 PUNTO).

3. Indica, sen empregar sinónimos, o significado que ten no texto *rebumbio* (I.2), *farturento* (I.11), *mencer* (I.13), *desacouga* (I.21), *soño* (I.17).
4. Analiza sintácticamente a seguinte oración: *Tódalas noites do ano é Noiteboa se a verdade descansa á nosa porta* (I.8-9).
5. Sinala e clasifica os pronomes átonos do poema.
6. As variedades dialectais do galego. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE III (3 PUNTOS).

7. Celso Emilio Ferreiro e a poesía de posguerra (orientacións, autores e obras máis representativos).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

1 A victoria de Iván Raña na Copa do Mundo de triatlón, que se disputou en Cancún
2 (México) o pasado 10 de novembro, confirma que o mozo de Ordes gañou o pulso que iniciou
3 contra as súas propias limitacións o día no que se meteu na máis dura disciplina atlética con
4 ánimo de facer historia. Des que volveu co diploma olímpico de Sydney 2000 non fixo máis que
5 coleccionar medallas de ouro e prepara os Xogos de Atenas do 2004 coa maior das confianza
6 e unha repercusión nos medios de comunicación case descoñecida para todos aqueles
7 deportistas que non gañan a vida e a gloria dándolle pancadas a un balón.

8 Iván Raña mereceu o triunfo porque cabo das súas increíbles cualidades físicas axuntou
9 esforzo e autoconfianza. Cando conversei con el para unha entrevista antes de que gañase en
10 Hungría o Campionato de Europa, confesábame que el sabía que estaba renunciando a unha
11 parte da súa xuventude, pero tiña claro que a recompensa podía ser enorme. ‘A vida do
12 triatleta é un sacrificio permanente pero non hai satisfacción meirande que entrar de primeiro
13 na meta, xa sen azos nin para falar, pero feliz por facer o traballo ben feito’.

14 Setmpre bromea dicindo que viviu dous anos coma unha monxa, sen permitirse o luxo
15 dunha noite de xolda nin o mínimo exceso que prexudicase a súa preparación. Nunca se puxo
16 límites, non falou de terceiros ou cuartos postos. El quería, así o demostrou en México, ser
17 o número un; recuperar a maxia para o deporte, aprenderlles aos rapaces que o admiran en
18 Ordes e en toda Galicia, que hai un xeito de se facer grande, de pasar á historia de verdade a
19 base de suor e orgullo por un mesmo.

20 O noso campión é un deportista literario. Mostrou publicamente que o seu xeito de
21 facer triatlón ten a épica das novelas decimonónicas (polo longas que resultan cada unha das súas
22 carreiras), e a eficacia dun soneto (onde cada verso queda rexistrado na estela sobre a auga,
nos pedais, no asfalto...).

César Lorenzo. *A Nosa Terra* (2002).

PREGUNTAS

BLOQUE I (a primeira pregunta valórase con 1 PUNTO; a segunda, con 2 PUNTOS).

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto.
2. Tendo en conta todo o que afirma o texto, fai unha reflexión sobre os esforzos e renuncias que teñen que facer as personas deportistas. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE II (cada pregunta vale 1 PUNTO).

3. Fai a separación silábica de *victoria* (I.1), *atlética* (I.3), *iniciou* (I.2), *súas* (I.21), *coleccionar* (I.5), *dous* (I.14), *maior* (I.5), *gloria* (I.7), *rexistrado* (I.22).
4. Busca e clasifica as conxuncións coordinantes do segundo parágrafo (I.8-13).
5. Indica os antónimos de *grande* (I.18), *vivir* (I.14), *gañar* (I.7), *maior* (I.5), *mínimo* (I.15), *iniciar* (I.2), *verdade* (I.18), *longas* (I.21), *eficacia* (I.22), *victoria* (I.1).
6. As linguas minorizadas. A súa situación en Europa e en España. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE III (3 PUNTOS)

7. A Nova Narrativa Galega.

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

Centro comercial Camelias: Zara

- 2 E por último aquí está.
O modelo da industria
- 4 De mulleres
En cadea.
- 6 Un modo de produción
Sumamente rendible
- 8 Para a economía do país.
Mágoa que se axuste tan pouco
- 10 Ó produto autóctono
De carnes tradicionalmente alimentadas
- 12 Con botelos, touciños e lacón.
A revolución industrial.
- 14 As mulleres de talle 36
Embutidas no que antes
- 16 Utilizaríamos
Para facer uns bos chourizos.
- 18 Todas ¡guais.
Unha por unha.
- 20 Unha produción ilimitada
Nun mercado mutilador.
- 22 Se cadra agora haberá que xustificar
Que se segue sendo humana
- 24 Mesmo se non se cabe
Na roupa de Zara.

María Reimóndez: *Moda galega.*

PREGUNTAS

BLOQUE I (a primeira pregunta valórase con 1 PUNTO; a segunda con 2 PUNTOS).

1. Reescribe coas túas palabras as ideas expresadas pola autora.
2. Fai un comentario crítico sobre a situación descrita. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE II (cada pregunta vale 1 PUNTO).

3. A sílaba tónica permite distinguir entre *está* (I.1) “verbo que indica presenza” e *esta* “demostrativo que indica proximidade coa persoa que fala”. Busca no texto tres palabras máis que se diferencian doutras só pola **sílaba tónica**. Explica o significado de cada unha.
4. Recolle os adxectivos -excluídos os participios- que aparecen no texto.
5. Define os fonemas consonánticos de *axuste* (I.9), *talle* (I.14), *chourizos* (I.17).
6. O conflito lingüístico e as actitudes lingüísticas. Extensión mínima 15 liñas:

BLOQUE III. (3 PUNTOS)

7. A poesía galega de vangarda.

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

DE OVELLAS E LINGUAS

2 As xentes, que son moi súas, andan a falar e dicir cousas que mesmamente non se
teñen en pé. E é que o falar non ten cancelas e non hai maneira de telos calados. Andan a
4 dicir, maiormente os progresistas, que a Igrexa, o Vaticano, é unha sociedade pechada,
piramidal, que non é democrática. E non é certo. Na Igrexa, como no partido socialista, existen
6 as súas sensibilidades.

8 A saber: os bispos cataláns, pastores da súa grea, andan teimudos a pedir unha
conferencia episcopal catalana, lémbrenlle ó seu rabaño que foron unha nación libre e
pregúntanlles ás súas ovellas, ateos incluídos “se cren que reflexionan suficientemente sobre
10 Catalunya”. E lémbrenllelo e pregúntanllelo en catalán.

12 Os bispos galegos, pedir piden, pero o da conferencia episcopal galega chéiralles a
roxerío; lémbrennos que somos ovellas do seu rabaño, pero o de nación non lles cabe no
“oremus”; e en canto a preguntarnos se reflexionamos... ¡faltaría máis!

14 E todo iso nun elegante e fino castelán: e logo ¿as ovellas galegas non entenden o
galego?

Garios Mella: *Coa palleta distraída* (1994)

PREGUNTAS

BLOQUE I (a primeira pregunta valórase con 1 PUNTO; a segunda; con 2 PUNTOS).

1. Sinala a estrutura do texto.
2. Fai un comentario crítico sobre o contado por Carlos Mella. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE II (cada pregunta vale 1 PUNTO)

3. Explica o significado das seguintes expresións *non se teñen en pé* (I.2-3); *ser moi súa* (I.2); *o falar non ten cancelas* (I.3).
4. O feminino de *catalán* (I.7) é *catalana* (I.8). Indica o feminino de *ferrolán*, *alemán musulmán*, *curmán*, *aldeán*, *testán*, *san*, *capitán*, *laczán*, *cirurxián*.
5. Reescribe a oración *Lémbrenlle ó seu rabaño que foron unha nación libre*, colocando no seu inicio as formas *nunca*, *disque*, *agora*, *tamén* e *enriba*.
6. O galego na Igrexa. Extensión mínima 15 liñas.

BLOQUE III (3 PUNTOS)

7. A literatura na época *Nós*: Castelao e Dieste.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1**PREGUNTA 1. SÍNTESE: 1 PUNTO.**

Con esta pregunta pretéñese avalia-la comprensión do texto, a capacidade sintetizadora e a orixinalidade e creatividade do alumnado. Un título axeitado valorarase con 0,5 puntos. Na síntese (0,5 puntos) avaliarase positivamente a reunión dos elementos máis importantes do texto de maneira breve.

PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

A explicación correcta do significado de

cada palabra ou expresión cualificarase con 0,20 puntos. O alumnado debe demostrar que coñece a significación da palabra preguntada e que ten capacidade de expresa-lo seu significado con claridade e precisión, sen que sexa necesaria unha definición lexicográfica rigorosa. Non se consideran válidas as respostas que consistan unicamente en indicar sinónimos.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

A non identificación do tipo de operación penalizarase con 0,20 puntos. A non correcta identificación das funcións penalizarase con 0,20 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

A correcta identificación e clasificación cualificarase con 0,35 puntos. Só a correcta identificación con 0,2 puntos. As formas incorrectas penalizaranse con 0,1 puntos.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento dos variedades dialectais do galego, fundamentalmente no nivel dos tres bloques dialectais e das súas áreas máis relevantes.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección, polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

- + Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.
- + Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística- penalizarase con 0,1 puntos.
- + Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténdese avalia-la comprensión do texto e a capacidade de visualiza-las ideas principais e secundarias que nel se inclúen.

PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

Cada resposta errada penalizarase con 0,20 puntos.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

A presentación e clasificación correcta de cada unha das cinco conxuncións valórase con 0,2 puntos; a identificación só con 0,1. Por cada resposta errada descontarase 0,20 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

Cada resposta errada, que se produce tamén cando a palabra proposta non presenta a forma correcta, penalizarase con 0,30 puntos.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento do concepto de lingua minorizada e o coñecemento da súa situación en Europa e España. Valóranse positivamente as referencias á situación doutras linguas europeas en comparación coa que vive o galego.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística-penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1. REESCRITA DO TEXTO: 1 PUNTO.

Con esta pregunta pretéñese avalia-la comprensión do texto, a capacidade de extracta-las ideas básicas e a de expresalas de novo.

PREGUNTA 2. COMENTARIO CRÍTICO: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérease avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

O exercicio correcto vale 1 punto. Se non se identifican e definen as tres parellas, cada unha das presentadas recibirán 0,3 puntos. Se hai presentación das parellas, pero non se definen só se lle concederá,

polas tres, 0,5 puntos.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

A puntuación total obterase coa identificación dos oito adxectivos existentes (comercial, rendible, autóctono, industrial, bos, iguais, ilimitada, humana). De non se identifica-la totalidade, cada un dos recollidos recibirá 0,10 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

En total temos cinco consoantes distintas: -X-, fricativa palatal (ou prepalatal) xorda; -S-, fricativa alveolar xorda; -T-, oclusiva dental xorda; -LL-, líquida lateral palatal sonora (tamén valería a súa definición como oclusiva palatal sonora); -CH-, africada palatal xorda; -R-, líquida vibrante simple sonora; -Z-, fricativa interdental xorda. Cada unha das definidas correctamente valorarase con 0,20.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento do significado de conflito lingüístico e das actitudes, as súas implicacións nas linguas e as súas manifestacións na lingua galega.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección, polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística-penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 PUNTO.

Con esta pregunta preténdese avalia-la comprensión do texto e a capacidade de visualiza-la súa estrutura.

PREGUNTA 2: 2 PUNTOS.

Con esta cuestión quérese avalia-la capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teñan un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 PUNTO.

Cada resposta acertada, se non hai pleno, recibirá 0,3 puntos.

PREGUNTA 4: 1 PUNTO.

Cada resposta acertada recibirá 0,1 puntos.

PREGUNTA 5: 1 PUNTO.

Cada resposta acertada valorarase con 0,2 puntos.

PREGUNTA 6: 1 PUNTO.

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento da situación da lingua galega nos distintos ámbitos da sociedade e, moi especialmente, dentro da Igrexa. Valoraranse tamén as referencias históricas.

PREGUNTA 7: 3 PUNTOS.

O alumnado deberá expresa-los seus coñecementos sobre o aspecto da historia da literatura galega preguntado, con mención ós autores e obras máis representativos do período considerado. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada. A valoración máxima desta pregunta é de 3 puntos.

Ademais da idoneidade na realización das tarefas de carácter conceptual e de reflexión dos bloques expresados valorarase a corrección lingüística nas respostas ás distintas preguntas. Sobre a cualificación global do exame aplicarase o seguinte criterio de corrección polo que se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos:

+ Un erro moi grave -aquele que atente contra o sistema lingüístico- penalizarase con 0,2 puntos.

+ Un erro grave -solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística-penalizarase con 0,1 puntos.

+ Un erro leve -solución discordante co estándar vixente- penalizarase con 0,05 puntos.